



**ACORDO MARCO FEGAMP – CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
EN RELACIÓN AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE
IGUALDADE E BENESTAR.**

En Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2016



Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que se nomea conselleiro de Política Social (DOG núm. 190 do 4 de outubro 2015), e presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do propio Consorcio, publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006, de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos Estatutos.



Doutra parte, D. Alfredo García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP), nomeado na IX Asemblea Xeral da Fegamp celebrada o 30 de outubro de 2015, exercendo as atribucións que os Estatutos lle confiren por razón do seu cargo, e facultado polo acordo adoptado por unanimidade pola Comisión Executiva de data 20 de abril de 2016.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN:

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio) é unha entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, creada en virtude de convenio de colaboración, de data 3 de xullo de 2006, constituído pola Xunta de Galicia e diversos concellos galegos coa finalidade de participar na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados, con especial atención na xestión integral de escolas infantís e centros de día, e na atención educativa e asistencial na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións.


Desde a súa constitución fóronse adherindo novos concellos, e en virtude de convenios de colaboración, fóronse asumindo ou construindo novos centros, así como acordando fórmulas para a súa xestión e cofinanciamento.

A situación ata o momento caracterizábase pola gran variedade de convenios asinados en función da data en que se subscribiron. A gran maioría encomenda aos concellos o mantemento dos centros, aínda que sinalando que deben achegarse ao terzo dos gastos de funcionamento (nalgúns convenios establécese o 30%). Isto suscitou moitas dúbidas de interpretación, sobre todo á hora de facer as xustificacións e aprobar as liquidacións. Cómpre, por tanto, buscar un sistema de coparticipación e cofinanciamento con criterios claros e que evite as discrepancias xurdidas neste tempo.

A Consellería de Política Social, o propio Consorcio, e a FEGAMP consideran importante e necesario que os Concellos adheridos sigan sendo partícipes da xestión compartida do centro, asumindo cando así o desexen o seu mantemento, que resulta moito máis operativo pola súa cercanía e inmediatez.

A estes efectos, o Consorcio e a FEGAMP consideran necesario establecer un novo modelo de cofinanciamento destes centros, que permita darlle viabilidade económica e garantía de futuro aos servizos que se prestan no ámbito local por parte do Consorcio.

En base a todo o anterior **ACORDAN**:

- 
1. A Fegamp e o Consellería de Política Social consideran que a fórmula consorcial é un modelo perfectamente válido para seguir prestando e cofinanciando servizos sociais de maneira conxunta e coordinada entre a Administración Autónoma e a Administración Local. Así se recolle no artigo 64 da vixente Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que establece que *“A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos”*. Para estes efectos, no apartado 2 sinalase que *“a Xunta de Galicia promoverá fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial”*, e na propia Disposición Adicional 2ª se fai referencia expresa ao *Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar* aos efectos e para o cumprimento deses obxectivos.

2. Así mesmo, considérase fundamental e prioritario para manter esa fórmula consorcial de colaboración, acadar un acordo marco que permita regular a partir deste ano 2016 un modelo de cofinanciamento claro que garanta a viabilidade económica presente e futura dos servizos que se prestan no ámbito local xestionados a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: en especial en Escolas Infantís (*Anexo I*) e Centros de Día (*Anexo II*).

Este acordo marco permitirá tamén que novos Concellos que así o desexen poidan incorporarse ao Consorcio, e solicitar que escolas infantís ou centros de día hoxe de xestión municipal poidan integrarse voluntariamente para ser xestionados a través do Consorcio.



O presente acordo marco implica tamén que o Consorcio revisará todas as liquidacións practicadas e que foron remitidas aos concellos correspondentes aos anos anteriores. A estes efectos, aos concellos adheridos ao Consorcio remitiráselles unhas novas liquidacións en base aos novos criterios aquí acordados, e que serán obxecto de análise individualizada con cada concello a través das correspondentes comisións de seguimento. A tal efecto establécese o prazo de 1 ano para a revisión de todas esas liquidacións, creándose ademais unha Comisión Mixta FEGAMP-CONSORCIO, para o seguimento e coordinación destas novas liquidacións. Todo isto sen prexuízo das bonificacións e exencións que, de ser o caso, tiveran que aplicarse en cumprimento dos convenios e normativa de aplicación. Neste senso, terase en conta a aplicación da exención do 50% previsto no art. 86 da Lei 12/14 de Medidas Fiscais e Administrativas. Establecerase un prazo de fraccionamento para o pagamento desas novas liquidacións de 5 anos, a solicitude do concello, que podería ampliarse naqueles supostos excepcionais en que a situación económica do concello o requira. En todo caso, a aqueles Concellos que xa aboaron total ou parcialmente as liquidacións de anos anteriores compensaráselles nas liquidacións futuras os saldos que resultaran de aplicación de acordo con esas revisións.




4. A Consellería de Política Social promoverá as reformas normativas e legais necesarias para facer efectivo o presente acordo e garantir o seu cumprimento por todas as partes. A eficacia do presente acordo marco, respecto ao disposto no apartado 3, queda condicionado á aprobación destas reformas legais e normativas.



5. Así mesmo, ademais das Comisións mixtas de Seguimento entre o Consorcio e cada concello, crearase tamén unha Comisión Técnica con representantes da FEGAMP e do CONSORCIO para o seguimento e, no seu caso, proposta do proxecto pedagóxico das escolas infantís xestionadas polo Consorcio.

En proba de conformidade, asinan este acordo marco e os seus anexos, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

O presidente da FEGAMP

Alfredo García Rodríguez

ANEXO I: ESCOLAS INFANTÍS

1.- Aos Concellos que leven o mantemento integral das Escolas Infantís, imputaráselles como unha achega de 600 € praza/ano, con independencia do gasto real efectuado polo concello e sen necesidade de xustificación documental do dito gasto (basta coa certificación de que se levan adiante os labores de mantemento do centro co visto praxe da dirección da escola).

Polo tanto, o mantemento da Escola imputarase como achega do Concello “en especie”.

Partindo dun custo medio aceptado de 4.500 € praza/ano, e da achega municipal de 1.500 € praza/ano correspondente a unha terceira parte, considerando a contribución que os Concellos que o desexen farán “en especie” levando o mantemento integral do centro (estimado en 600 € praza/ano), a **achega final en metálico que terán que facer os Concellos ao Consorcio será de 900 € praza/ano.**

De acordo con estes cálculos, tomando como referencia **900 €**, a achega económica municipal dos concellos que asuman o mantemento para as escolas infantís, en función das unidades será como máximo:

Escola unitaria (20 prazas):	18.000 €
3 unidades (41 prazas):	36.900 €
4 unidades (61 prazas):	54.900 €
5 unidades (74 prazas):	66.600 €
6 unidades (82 prazas):	73.800 €
7 unidades (102 prazas):	91.800 €

Para o cálculo da achega **terase en conta a matrícula real de cada curso escolar**, sen distinción do horario que teña cada neno/a usuario/a.

Esa achega farase en **dous ou catro pagamentos semestrais ou trimestrais**. A estes efectos, cando se inicia o curso escolar en setembro, o Consorcio remitirá aos Concellos da matrícula dese curso indicándolle con suficiente antelación a achega municipal que debe incluír no orzamento do seguinte ano, que podería sufrir variacións no período extraordinario de matrícula durante o curso que se comunicarían para regularizar no seguinte pagamento.

Unha cantidade fixa que permitirá a súa inclusión anual nos orzamentos municipais, e ao mesmo tempo que os Concellos sigan implicados na Escola Infantil, manténdose a comisión de seguimento para avaliar ese funcionamento.

2.- Aos efectos deste acordo **entenderase por mantemento do centro** os seguintes servizos:

-Mantemento do edificio e exteriores, incluíndo obras e labores de mantemento do edificio preventivos e/ou correctivos, conservación e mantemento das instalacións, estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñerías.

-Mantemento do sistema de detección, extinción e plan de evacuación do centro.

-Reparación e reposición de electrodomésticos.

-Plan de augas e tratamento anti-lexionela.

-Mantemento da ACS e climatización das instancias.

-Limpeza integral do centro (limpeza diaria e extraordinaria).

-Sistema de vixilancia e seguranza do centro, alarmas de seguridade e incendios.

-Subministracións de auga, electricidade, gasóleo/gas e mantemento das instalacións de acometidas de enerxías e subministracións, así como saneamento e recollida de lixo, en base á norma de medio ambiente e dotación material para o mesmo.

-Teléfono e ADSL.

-Mantemento dos sistemas de sinalización, colocación e balizamento de ser o caso, mantemento dos sistemas de seguridade viaria.

-Servizos de Protección Civil ou aqueles outros que fosen necesarios para situacións de emerxencia.

A prestación dos servizos expresados no parágrafo anterior acreditarase anualmente mediante certificación expedida polo concello co visto bo da dirección da escola infantil conxuntamente coa persoa responsable da área de escolas infantís, na que se fará constar a súa efectiva prestación.

3.- No suposto dalgúns Concellos que asumen tamén outros gastos (por exemplo, comedor), ese gasto computarase maiores, de acordo co custo do servizo que asume e xustifique ese Concello, reducindo por tanto a achega en metálico que terá que facer. Así mesmo, no caso de que algún dos conceptos sinalados no punto 2 como mantemento do centro, non fora asumido polo Concello, a achega municipal en metálico de 900 € praza/ano incrementarase co custo que asuma o Consorcio por ese concepto debidamente xustificado. Para estes supostos, a Comisión de Seguimento creada, será a encargada de analizar esas xustificacións.

4.- No caso de ser necesario algún investimento de obra na Escola, a mesma Comisión poderá decidir que a achega económica anual do Concello se faga efectiva en todo ou en parte mediante o financiamento ou cofinanciamento dese posible investimento, de acordo coa valoración da mesma.




 fegamp

ANEXO II: CENTROS DE DÍA

1.- Aos efectos da participación dos Concellos no cofinanciamento dos Centros de Día radicados no seu termo municipal, estímase en **7.500 €** praza/ano o custo do servizo (excluindo o gasto correspondente ao transporte que será asumido integramente polo Consorcio). Deste prezo o Concello terá que achegar ao Consorcio **2.500 €** praza/ano (correspondente ao terzo da achega municipal).

2.- Para o cálculo anterior **teranse en conta unicamente os usuarios empadroados no Concello onde radica o Centro de Día**. A efectos do cómputo terase en conta a media de usuarios durante o ano.

3.- Nos supostos de **Centros de Día de xestión directa polo Consorcio**, os Concellos que o desexen poden optar por un modelo semellante ao exposto para as escolas infantís, computando como unha achega “en especie” do concello o mantemento do centro. Así a achega en metálico reducirase neses supostos en función dos gastos xustificadas polos Concellos.

